



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

galicia

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2020

Estimado/a Presidente/a:

Dende os inicios da pandemia, a Xunta de Galicia está traballando para reforzar a seguridade fronte á Covid-19 no Camiño de Santiago, tratando de minimizar os riscos de contaxio en todos os municipios que atravesan as diferentes rutas e co obxectivo de que todos os peregrinos e peregrinas teñan garantido un Camiño seguro especialmente de cara ao próximo Xacobeo 2021.

Con este compromiso, recentemente presentamos diversos materiais e recomendacións que se teñen elaborado a partir da colaboración do Instituto para la Calidad Turística Española, e do Comité Clínico que asesora á Xunta de Galicia na aprobación dos plans e protocolos específicos para a prevención do contaxio da Covid-19.

O éxito destas medidas require, sen dúbida, da colaboración de todos os implicados no bo discurrir do Camiño; por elo solicitamos o seu apoio para a súa máxima difusión e a realización das actividades formativas que se programen.

No enlace adxunto están dispoñibles os diferentes materiais dirixidos a reforzar a seguridade sanitaria, de forma integral, tanto dos peregrinos e visitantes como das propias persoas residentes nos concellos que conforman o Camiño, coa posibilidade de consulta dos manuais que sexan do seu interese:

<https://www.caminodesantiago.gal/gl/caminoseguro/profesionais>

Na confianza de que estes materiais contribuirán a impulsar a seguridade hixiénico-sanitaria do Camiño de Santiago, e agradecendo a súa colaboración,



Reciba un cordial saúdo.

Antonso Rueda Valenzuela

Vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo



Xacobeo 2021